



ORGANO COLEXIADO: Pleno Corporativo.

Nº DE SESIÓN:4/2018

CARÁCTER: Ordinaria

ANUNCIO

Con data 24 de abril de 2018, o Sr.Alcalde ditou resolución co tenor literal que se indica:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO

*De acordo co disposto no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e o art. 80 do Real Decreto Lexislativo 2568/1986, de 23 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Funcionamento, Organización e Réxime xurídico das Entidades Locais, esta alcaldía, oída a Xunta de Portavoces, **RESOLVE:***

PRIMEIRO.- *Convocar á Sesión Ordinaria do Pleno Corporativo a celebrar o vindeiro venres día 27 de abril ás 10:00 horas, e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria en caso de non existir o quórum esixido na primeira, no Salón de Sesións da Casa do Concello, a fin de resolver os puntos incluídos na seguinte:*

ORDE DO DÍA

A) Parte resolutiva:

1º.- *Aprobación, se procede, de borrador da acta da sesión anterior ordinaria nº 3, de 22 de marzo.*

2º.- *Expediente 263/2018. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal relativo á aprobación inicial do Orzamento Xeral para o ano 2018.*

3º.- *Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de proposta Crédito Extraordinario nº 1/2018 A) Recoñecemento Extraxudicial (Modificación de créditos 7/2018) financiado con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.*

4º.- *Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal relativa a proposta Crédito Extraordinario nº 1/2018 B) execución obra "Apertura Prolongación rúa Ourense en sentido Sur" (Modificación de Créditos 7/2018) financiado con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.*

5º.- *Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal relativo a Crédito Extraordinario nº 1/2018 C) bases e premios concurso ideas reordenación fronte fluvial (Modificación 7/2018) financiado con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.*

Concello de Tui

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



6º.- *Mocións de Urxencia.*

B).- Actividade de control:

7º.- *Dación de conta de escrito de incorporación do concelleiro José Prada Alvarez ao grupo municipal do Partido Popular (RE 1598 de 28/02/2018).*

8º.- *Dación de conta da modificación da composición das Comisións Informativas, de acordo co escrito presentado polo voceiro do grupo político municipal Partido Popular (RE nº 1605 de 28/02/2018).*

9º.- *Disposicións de interese correspondentes ao pleno do mes de marzo e abril.*

10º.- *Dación conta de resolucións de Alcaldía:*

- *Dende o nº 2018-0178 de 19/02/2018 ata o nº 2018-0274 de 16/03/2018.*
- *Dende o nº 2018-0275 de 19/03/2018 ata o nº 2018-0452 de 20/04/2018.*

11º.- *Dación de conta do Plan Orzamentario a medio prazo período 2019-2021. elaborado ao abeiro do disposto no artigo 29 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.*

C).- Rogos e preguntas:

12º.- *Rogos e preguntas.*

SEGUNDO.-*Notificar a presente Resolución aos concelleiros advertíndolles que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do citado RD 2568/1986, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.*

TERCEIRO.-*Que pola Secretaría municipal se poña a disposición dos Concelleiros a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando a convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, no seu caso."*

O que se publica para coñecemento e efectos.

En Tui, o alcalde Carlos Vázquez Padín.

Documento asinado dixitalmente á marxe.



Concello de Tui

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570